



ACORDO DE PRÓRROGA DO CONVENIO PARA A REALIZACIÓN DA FASE FINAL DUN ESTUDO DIAGNÓSTICO ARREDOR DA SITUACIÓN DA PROFESIÓN DAS EDUCADORAS E EDUCADORES SOCIAIS NO CONTEXTO GALEGO E A ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES FORMATIVAS E DE DIVULGACIÓN, ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O COLEXIO DE EDUCADORAS E EDUCADORES SOCIAIS DE GALICIA (CEESG).

REUNIDOS

Dunha parte, a **Universidade de Santiago de Compostela**, en diante designada USC, con enderezo social en Colexio de San Xerome, Praza do Obradoiro, s/n, 15782- Santiago de Compostela, España, representada polo seu reitor Prof. Doutor Antonio López Díaz.

Doutra parte, o **Colexio de Educadores e Educadoras Sociais de Galicia (CEESG)**, con CIF Q1500270B e enderezo en Rúa de Lisboa, 20. 15707- Santiago de Compostela e, no seu nome e representación, Doña Sonia González Rodríguez, con poderes suficientes para a celebración deste acto, no seu cargo de Presidenta.

As dúas partes recoñécense a capacidade legal suficiente para outorgar o presente documento e, para o efecto

MANIFESTAN

Primeiro.- Que as partes, con data do 21/07/2023 subscribiron un Convenio para a realización dun estudo diagnóstico arredor da situación da profesión das educadoras e educadores sociais no contexto galego

Segundo.- No citado Convenio establecíase unha vixencia inicial de 17 meses, é dicir, ata o 31/12/2024. Non obstante, no mesmo tamén se prevía a posibilidade da súa prórroga, caso de que as investigacións e desenvolvementos non produciran o froito esperado e as partes consideraran oportuna a súa prosecución.

Terceiro.- As partes teñen mutuo interese en manter a colaboración establecida e polo tanto



ACORDAN

ÚNICO.- Prorrogar a vixencia do Convenio para o estudo da situación actual da profesión da educación social en Galicia, asinado o 21/07/23, por un período de dous (2) anos, dende o 1/01/2025 ata o 31/12/2026, mantendo como plenamente efectivas e válidas todas as estipulacións recollidas no Convenio de referencia.

En proba de conformidade, os representantes das dúas institucións asinan este Acordo de Prórroga, na data da sinatura electrónica

**Pola Universidade de Santiago de
Compostela**

**Polo Colexio de Educadoras e
Educadores Sociais de Galicia,**

O reitor,
Antonio López Díaz

A presidenta,
Sonia González Rodríguez